

DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO VI PREMIO DE “BOAS PRÁCTICAS EN SERVIZOS SOCIAIS” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, ANO 2026

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña,

Despois de ver os informes da Sección de Servizos Sociais, da Secretaria Xeral e do Servizo de Fiscalización

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as Bases reguladoras do VI Premio de “Boas prácticas en servizos sociais” da Deputación Provincial da Coruña, ano 2026, cuxo texto se transcribe no anexo.

Segundo.- Publicar as presentes bases reguladoras no boletín Oficial da Provincia.


Terceiro.- Aprobar a convocatoria do VI Premio de “Boas prácticas en servizos sociais” da Deputación Provincial da Coruña, ano 2026, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo – Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 1 de setembro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 30 de setembro de 2026.

Cuarto: Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urgente.

Quinto: Aprobar o orzamento dos gastos derivados da convocatoria, por importe de 42.800 €, segundo o seguinte detalle:

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe	Documento contable RC
Premios (6 x 7.000 €= 42.000 €)	0611/23121/481	42.000,00	220260035722
Honorarios do xurado	0611/23121/22699	800,00	220260035768




DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

VI PREMIO DE “BOAS PRÁCTICAS EN SERVIZOS SOCIAIS” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, ANO 2026

BASES

1.- Obxecto

O Premio de “Boas Prácticas en Servizos Sociais” da Deputación da Coruña, busca recoñecer e premiar o traballo realizado por entidades sen ánimo de lucro do ámbito dos servizos sociais que desenvolvan a súa actividade na provincia da Coruña e que, a xuízo desta administración, destaquen polo seu labor en defensa dos dereitos da cidadanía e a favor dos grupos máis vulnerables, promovendo un maior benestar social das persoas, grupos e comunidades.

Consta de dúas modalidades diferenciadas. As entidades só poderán presentar unha candidatura e deberán optar por unha única modalidade. No caso da modalidade de proxectos, a candidatura deberá adscribirse exclusivamente a unha das categorías indicadas.


A) Modalidade de proxectos

Destinada a recoñecer proxectos ou iniciativas de boas prácticas desenvolvidos no ámbito dos servizos sociais, que comprenderá as seguintes categorías:

- Investigación científica no ámbito dos servizos sociais.
- Iniciativas no ámbito rural.
- Persoas maiores, discapacidade e dependencia.
- Familia, infancia e adolescencia.
- Inclusión social.

Para os efectos desta convocatoria enténdese como “Boas prácticas”, aquelas consistentes nun “conxunto de actuacións, experiencias, programas ou proxectos executados, a través dos cales mellora a calidade dos servizos prestados e /ou a resolución dun problema ou necesidade detectada”.

Atendendo á Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, os proxectos de investigación no ámbito dos Servizos Sociais serán aqueles que promovan o estudo e o coñecemento sobre as necesidades emerxentes de atención social, sobre os factores que inciden na demanda e sobre a avaliación dos elementos organizativos e de xestión do sistema.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272


Asúmese a definición de proxecto social de Ander Egg y Aguilar (2005) como o conxunto de accións desenvolvidas nun tempo e espazo determinado, e emprendidas en modo articulado combinando a utilización de diferentes recursos (humanos, técnicos, materiais) en función do logro de determinado obxectivo previamente estipulado, o cal se xustifica pola existencia dunha determinada situación-problema que se quere transformar.

Segundo estas definicións terase en conta en cada categoría o seguinte:

- a) Investigación científica no ámbito dos servizos sociais: esta categoría distingue o labor desenvolvido en materia de investigación e innovación nos Servizos Sociais a fin de favorecer e impulsar a cultura innovadora e buscar solucións eficaces e alternativas de intervención aos novos escenarios no ámbito social entre os distintos axentes e institucións públicas e privadas que forman parte do Sistema Público de Servizos Sociais, favorecendo o estímulo, á creatividade e o impulso das colaboracións e alianzas. Valorarase a calidade científica do proxecto de investigación realizado no ámbito dos servizos sociais, o impacto do traballo no ámbito social; a capacidade de transferencia da investigación á sociedade, á comunidade ou a un colectivo vulnerable; se o traballo está publicado en revistas científicas nacionais ou internacionais recoñecidas e valoraranse aqueles aspectos que desenvolvesen, mellorado ou implantado no ámbito social ou comunitario.
- b) Iniciativas no ámbito rural: valorarase a calidade técnica daqueles proxectos sociais que se leven a cabo en concellos de menos de 20.000 habitantes e/ou que promovan o desenvolvemento social do mesmo.
- c) Área de persoas maiores, discapacidade e dependencia: valorarase a calidade técnica de proxectos sociais dirixidos ás persoas maiores, persoas con discapacidade e/ou persoas con dependencia, así como o seu impacto na mellora da calidade e condicións de vida do grupo destinatario.
- d) Área de familia, infancia e adolescencia: valorarase a calidade técnica de proxectos sociais dirixidos á familia, infancia e/ou á adolescencia, así como o seu impacto na mellora da calidade e condicións de vida do grupo destinatario.
- e) Área de inclusión social: valorarase a calidade técnica de proxectos sociais dirixidos a persoas en risco ou en situación de exclusión social, así como o seu impacto na mellora da calidade e condicións de vida do grupo destinatario.

B) Modalidade de traxectoria da entidade

Destinada a recoñecer a contribución continuada dunha entidade ao desenvolvemento dos servizos sociais e á mellora do benestar da cidadanía.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

Esta modalidade está destinada a entidades con máis de 20 anos de traxectoria na data de presentación da candidatura.

1.1 Requisitos dos proxectos da modalidade A)

Os proxectos presentados deben ser orixinais e deberán desenvolverse no ámbito territorial da provincia da Coruña, podendo estar finalizados ou en vías de execución dentro do prazo de resolución da convocatoria.

Os proxectos empregarán a lingua galega e unha linguaxe non sexista e inclusiva en todas as fases e soportes.

1.2 Exclusiones da modalidade A)

Exclúense desta convocatoria todos aqueles proxectos que teñan por finalidade a atención sanitaria e a cooperación internacional por non ser estes competencia en materia de servizos sociais.

Exclúense os proxectos en materia de igualdade de xénero, deporte adaptado, actividades culturais, voluntariado e tempo de lecer.

Non poden participar os proxectos xa premiados en edicións anteriores do premio ou en calquera convocatoria de similar natureza.

2. Entidades destinatarias

As entidades participantes deben estar rexistradas como entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia (Comprobarase este dato de oficio pola administración convocante).


3.- Dotación

A convocatoria está dotada cun importe total de 42.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, distribuído do seguinte xeito:

A) Modalidade de proxectos: 5 premios, dotados con 7.000,00 € cada un, por un importe total de 35.000,00 €, distribuídos entre as categorías previstas.

B) Modalidade de traxectoria da entidade: 1 premio, dotado con 7.000,00 €.

Os premios estarán suxeitos ás retencións fiscais que legalmente resulten de aplicación.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

No caso de quedar deserta algunha categoría da modalidade de proxectos, o xurado poderá propoñer premiar máis dun proxecto nas outras categorías, sen que en ningún caso se premien a máis de 5 candidaturas nesta modalidade.

Non poderá resultar premiada ningunha entidade que obtivese premio nas dúas edicións inmediatamente anteriores, de conformidade co establecido nestas bases.

A Deputación da Coruña resérvase o dereito de modificar as condicións da presente convocatoria ou, de forma excepcional e por causas debidamente xustificadas, deixala sen efecto antes da resolución de concesión dos premios. En tal caso, a modificación ou, se é o caso, a anulación da convocatoria farase pública polos mesmos medios empregados para a súa convocatoria.

A Deputación da Coruña organizará un acto público de entrega dos premios, ao que se convidará a todas as entidades participantes e no que se fará entrega das correspondentes distincións ás entidades premiadas.

4.- Prazo


O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ás 08:00 horas do día **1 de setembro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 30 de setembro de 2026**, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións”.

5.- Tramitación das candidaturas

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

- Quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificado, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se notifique o dito cambio á Deputación
- Quen presente a solicitude deberá dispoñer de certificado dixital
- A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude
- A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

- Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento

As candidaturas presentadas deberán estar ben identificadas, indicando con claridade o nome da entidade e do proxecto.

As entidades deberán presentar unha única candidatura, debendo optar entre a modalidade de proxectos ou a de traxectoria da entidade. Se optara pola modalidade de proxectos, este deberá encadrarse soamente nunha das categorías previstas.

Non se valorará a actividade xeral da entidade, agás no caso do premio á traxectoria da entidade.

No caso de presentación de varias candidaturas pola mesma entidade só se terá en conta a última presentada, que deixará sen efecto e anulará todas as anteriores.


A **documentación** que se ha presentar é a seguinte:

Documentación xeral:

- a) Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña.
- b) Certificación da AEAT conforme están exentos ou no de tributar no Imposto de Sociedades.
- c) Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Documentación específica para cada modalidade:

Memoria técnica para a candidatura de ambas modalidades, segundo o modelo fornecido pola Deputación, que se atopará na plataforma SUBTEL. Presentarase en formato A-4, espazo interlineal sinxelo, na letra Arial 10, cunha extensión máxima de 10 páxinas e en soporte informático. No caso de que se excedan as 10 páxinas, as adicionais non se terán en conta para a valoración. As fotografías e gráficos que poden engadirse, de ser o caso, terán un formato JPG, 150 ppp. Poderán incluírse ligazóns a documentos e/ou recursos propios do programa.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

6.- Xurado

O xurado estará presidido pola Deputada de Política Social, Educación e Mocidade quen actuará con voz e sen voto, e formarán parte del o persoal técnico da Sección de Servizos Sociais e, de ser o caso, profesionais de recoñecido prestixio no ámbito dos servizos sociais

As funcións de secretaría exerceraas a Secretaría da Corporación ou a persoa funcionaria en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no artigo 70 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición dos xurados darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

Aplicarase o disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), Título preliminar, Capítulo II, Sección 3ª: Órganos colexiados das distintas administracións públicas”, artigos 15 a 18, no que se refire tanto á validez da súa constitución, como á actuación do xurado.

As deliberacións serán secretas e delas serán estendidas as actas correspondentes.


7.- Valoración das solicitudes e resolución da convocatoria

A valoración das candidaturas constará de dúas fases:

- Primeira fase: O persoal técnico da Sección de Servizos Sociais seleccionará as candidaturas por modalidade e categoría conforme ós criterios de valoración definidos.

Será necesario que as candidaturas acaden unha puntuación mínima de 50 puntos para pasar á segunda fase e optar a un premio.

- Segunda fase: As candidaturas seleccionadas pasarán á consideración do xurado, que fará a proposta de adxudicación dos premios.




DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

Tanto na modalidade de proxecto como na modalidade de traxectoria da entidade valorarase de forma común a claridade, a precisión, a coherencia e a concisión do contido exposto en relación á información que se solicita.

A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións, en función da modalidade:


A) Modalidade de proxecto

Contido do proxecto técnico	Ata 100 puntos
Descrición do proxecto: Valorarase a capacidade de resumir a realidade que se quere cambiar, a finalidade do proxecto, as características xerais da intervención, o grupo destinatario e o resultado que se espera obter ou que se obtivo co proxecto social ou co proxecto de investigación.	Ata 10 puntos
Diagnóstico previo: Valorarase a detección, análise e priorización das necesidades sociais que se pretenden resolver, así mesmo, terase en conta o nivel de participación das persoas destinatarias. Nos proxectos de investigación científica ademais da descrición da situación-problema, débese contemplar a formulación de hipóteses e variables	Ata 12 puntos
Obxectivo xeral e obxectivos específicos: Valorarase a relación do obxectivo xeral coas necesidades detectadas e a vinculación dos obxectivos específicos co obxectivo xeral. Os obxectivos deben describir os resultados concretos que se pretenden acadar, deber ser realistas e estar ordenados segundo a súa importancia (de maior a menor)	Ata 10 puntos
Metodoloxía: Valorarase o modo, os procedementos e as técnicas empregadas para desenvolver o proxecto. Terase en conta se a metodoloxía conta con perspectiva crítica, participativa e socioeducativa	Ata 10 puntos
Actividades e temporalización: Valoraranse as actividades programadas cunha relación directa e lóxica cos obxectivos formulados. Deber ser suficientes e axeitadas para conseguilos.	Ata 12 puntos
Xestión do proxecto: Valorarase a organización, a coordinación para a execución do	Ata 3 puntos



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

proxecto, a promoción e a difusión do proxecto Nos proxectos de investigación científica valorarase a xestión do proxecto e se o traballo está publicado (ou prevista a súa publicación) en revistas científicas nacionais ou internacionais de recoñecido prestixio	
Recursos humanos, materiais e económicos: Valorarase se os recursos descritos son realistas e suficientes para o desenvolvemento do proxecto. Nos recursos humanos é importante a especialización e a formación concorde ao proxecto. Nos recursos económicos é importante a diversidade nas fontes de financiamento e se é sustentable.	Ata 10 puntos
Persoas destinatarias do proxecto: Valorarase a descrición do grupo destinatario en aspectos tales como: distinción entre persoas beneficiadas de forma directa e indirecta, características xerais e concretas do grupo, número de persoas destinatarias, etc Nos proxectos de investigación científica é a descrición da poboación e da mostra.	Ata 5 puntos
Avaliación: Valorarase se é unha avaliación fiable, obxectiva e crible (existencia de indicadores avaliativos e uso de ferramentas, técnicas e instrumentos de avaliación). Promoverase unha avaliación continua, participativa que permita o deseño de accións futuras. Valoraranse as medidas contempladas para avaliar a eficacia e eficiencia do proxecto Nos proxectos de investigación científica valorarase a análise e interpretación de datos, así como as conclusións e recomendacións (no caso de que a investigación esté finalizada)	Ata 10 puntos
Responsabilidade social, innovación metodolóxica e emprego das novas tecnoloxías	Ata 8 puntos
Transmisibilidade, transferencia de boas prácticas e mellora das condicións de vida: Valorarase a capacidade de transmisibilidade a outras organizacións e/ou territorios, a mellora da calidade de vida e o fomento da autonomía persoal e empoderamento das persoas usuarias	Ata 10 puntos



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

B) Modalidade de traxectoria da entidade

Contido do proxecto técnico	Ata 100 puntos
Antecedentes da entidade: Valorarase o traballo realizado pola entidade sen ánimo de lucro en favor dos dereitos sociais das persoas, o seu desenvolvemento e o campo de acción, tales como proxectos relevantes e boas prácticas.	Ata 30 puntos
Traxectoria da entidade: Valorarase a experiencia, a especialización e os recursos utilizados, así como a diferenciación e o posicionamento da entidade social respecto ao resto de entidades.	Ata 30 puntos
Impacto social: Valorarase a contribución da entidade á mellora da calidade de vida das persoas destinatarias do seu servizo e aqueles aspectos que desenvolvesen, mellorado ou implantado no ámbito social ou comunitario de actuación.	Ata 30 puntos
Ámbito territorial: Valorarase o ámbito territorial de desenvolvemento, tendo en conta, si se trata de territorios rurais, con especiais dificultades para o acceso a servizos, nivel de alcance das actividades ofertadas pola entidade, etc	Ata 10 puntos

8.- Concesión e pago

8.1.- Concesión


A proposta de concesión que formule o xurado será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación, previo informe do Servizo de [Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade](#).

A resolución de concesión será dada a coñecer a través do Boletín Oficial da Provincia.

8.2 Pago dos premios

O pago dos premios tramitarase coa resolución de concesión e realizarase nun único prazo.

Para o cobro do premio, as entidades premiadas deberán presentar a seguinte documentación:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

- Comunicación de alta de datos bancarios para o rexistro de terceiros, que figura no apartado de impresos oficiais da páxina web da Deputación provincial da Coruña.
- Certificación da titularidade de conta, expedida pola entidade bancaria

A presentación desta documentación farase no expediente de solicitude a través do modelo "solicitude xeral" dispoñible na sede electrónica da Deputación da Coruña.

A concesión e o pago do premio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

9.- Obrigas

As entidades premiadas estarán obrigadas a:

- a) Difundir a obtención do premio nos seus medios de comunicación e difusión propios, incluíndo, cando dispoñan deles, a súa páxina web e/ou os seus perfís en redes sociais, nun prazo razoable desde a concesión do premio.
- b) No caso da modalidade de proxectos, facer constar en todas as publicacións, materiais divulgativos, comunicacións ou actuacións relacionadas co proxecto premiado que este foi distinguido co Premio de Boas Prácticas en Servizos Sociais da Deputación da Coruña, incorporando, sempre que sexa posible, a imaxe institucional da Deputación conforme ás normas de identidade corporativa vixentes.


A Deputación da Coruña poderá publicar a información relativa ao proxecto premiado na súa páxina web, na Galería de experiencias de benestar e noutros medios institucionais de difusión, co obxecto de dar a coñecer as boas prácticas desenvolvidas polas entidades e promover a difusión de actuacións de interese social en favor da cidadanía e dos colectivos máis vulnerables.

10.- Protección de datos

Os datos facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña coa finalidade de tramitar esta convocatoria.

A participación nesta convocatoria implica aceptar a realización de fotografías e/ou vídeos pola Deputación da Coruña no certame de entrega dos premios, que poderán ser publicadas en:

- A páxina web e perfís en redes sociais da Deputación.
- Filmacións destinadas á promoción da actividade.
- Publicacións para dar a coñecer a actividade.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCIÓN SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público.


Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se considera que o tratamento incumpre co establecido no RXPD pode reclamar perante a AEPD.

Poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na nosa [Política de Privacidade](#) ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

11.- Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

ANEXO – EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria do VI Premio de “Boas Prácticas en Servizos Sociais” da Deputación da Coruña, ano 2026. O texto completo do Premio pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. Beneficiarios

As entidades sen ánimo de lucro do ámbito dos servizos sociais que desenvolvan a súa actividade na provincia da Coruña, rexistradas como entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia.

Segundo. Obxecto

O Premio de “Boas Prácticas en Servizos Sociais” da Deputación da Coruña busca recoñecer e premiar o traballo realizado por entidades sen ánimo de lucro do ámbito dos servizos sociais que desenvolvan a súa actividade na provincia da Coruña e que a xuízo desta administración destaquen pola súa labor en defensa dos dereitos da cidadanía e a favor dos grupos máis vulnerables, promovendo un maior benestar social das persoas, grupos e comunidades.

Terceiro. Bases reguladoras


A presente convocatoria rexerese polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

A convocatoria está dotada cun importe total de 42.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/481, distribuído do seguinte xeito:

A) Modalidade de proxectos: 5 premios, dotados con 7.000,00 € cada un, por un importe total de 35.000,00 €, distribuídos entre as categorías previstas.

a) Investigación científica no ámbito dos Servizos Sociais



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

- b) Iniciativas no ámbito rural
- c) Área de persoas maiores, discapacidade e dependencia
- d) Área de familia, infancia e adolescencia
- e) Área de inclusión social

B) Modalidade de traxectoria da entidade: 1 premio, dotado con 7.000,00 €.

No caso de quedar deserta algunha categoría da modalidade de proxectos, o xurado poderá propoñer premiar máis dun proxecto nas outras categorías, sen que en ningún caso se premien a máis de 5 candidaturas nesta modalidade.

Non poderá resultar premiada ningunha entidade que obtivese premio nas dúas edicións inmediatamente anteriores, de conformidade co establecido nestas bases.

Quinto. Criterios de valoración

Os criterios de valoración serán os establecidos na base 7ª das Bases do premio.

Sexto. Prazo de presentación de solicitudes


O prazo de presentación de solicitudes iniciárase ás 08:00 horas do día 1 de setembro de 2026 e rematará ás 14:00 horas do día 30 de setembro de 2026, logo da publicación do extracto da convocatoria deste premio no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións”.

Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b) y 20.8.1a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria del VI Premio de “Buenas Prácticas en Servicios Sociales” de la Diputación de A Coruña, año 2026. El texto completo de las Bases del premio puede consultarse en la Base de datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

Primero. Beneficiarios

Las entidades sin ánimo de lucro del ámbito de los servicios sociales que desarrollen su actividad en la provincia de A Coruña, registradas como entidades de iniciativa social sin ánimo de lucro en el Registro único de entidades prestadoras de servicios sociales de la Xunta de Galicia.

Segundo. Objeto

El Premio de “Buenas Prácticas en Servicios Sociales” de la Diputación de A Coruña busca reconocer y premiar el trabajo realizado por entidades sin ánimo de lucro del ámbito de los servicios sociales que desarrollen su actividad en la provincia de A Coruña y que a juicio de esta administración destaquen por su labor en defensa de los derechos de la ciudadanía y a favor de los grupos más vulnerables, promoviendo un mayor bienestar social de las personas, grupos y comunidades.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

La convocatoria está dotada con un importe total de 42.000,00 €, con cargo a la aplicación presupuestaria 0611/23121/481, distribuido de la siguiente manera:


A) Modalidad de proyectos: 5 premios, dotados con 7.000,00 € cada uno, por un importe total de 35.000,00 €, distribuidos entre las categorías previstas.

- a) Investigación científica en el ámbito de los Servicios Sociales
- b) Iniciativas en el ámbito rural
- c) Área de personas mayores, discapacidad y dependencia
- d) Área de familia, infancia y adolescencia
- e) Área de inclusión social

B) Modalidad de trayectoria de la entidad: 1 premio, dotado con 7.000,00 €.

En el caso de quedar desierta alguna categoría de la modalidad de proyectos, el jurado podrá proponer premiar más de un proyecto en las otras categorías, sin que en ningún caso se premien a más de 5 candidaturas en esta modalidad.

No podrá resultar premiada ninguna entidad que obtuviera premio en las dos ediciones inmediatamente anteriores, de conformidad con lo establecido en estas bases.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO ACCION SOCIAL, EDUCACIÓN, DEPORTES E MOCIDADE
SECCIÓN SERVIZOS SOCIAIS
EXPEDIENTE: 2026000024272

Quinto. Criterios de valoración

Los criterios de valoración serán los establecidos en la base 7ª de las Bases del premio.

Sexto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de presentación de solicitudes se iniciará a las 08:00 horas del día 1 de septiembre de 2026 y finalizará a las 14:00 horas del día 30 de septiembre de 2026, luego de la publicación del extracto de la convocatoria de este premio en el BOP de A Coruña, a través de la Base de Datos Nacional de Subvenciones”.

Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>